Texto íntegro (literal) transcrito pola APDR da comunicación notificada a Dª Beatriz Diz Diz (en nome da veciñanza de Santa Lucía de Moraña afectada por 3 antenas de telefonía móbil e un transformador) de arquivo do expediente tralo rexeitamento do Concello de Moraña da Recomendación do Valedor do Pobo. Rexistro Saída 29.01.09 000621. Expediente: C.6Q/920/2008

Estimada Sra:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente áinstalación de antenas de telefonía móbil.

Como conclusión da correspondente investigación e en aplicación do disposto no art. 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño,do Valedor do pobo, pola nosa banda formulamos ao Concello de Moraña unha recomendación o 9 de decembro. Na súa resposta o ente local reitera os argumentos que xa expuxera con carácter previo á recomendación formulada, e que, polo tanto, se consideraron inadecuados debido as razóns que se expoñen amplamente na recomendación. Non se aporta ningún argumento engadido que poda matizar o exposto na recomendación ou matizar a posición do Concello ao respecto.

Polo anterior, 0 23 de outubro indicamos ao Concello de Moraña que rexeitaba a recomendación formulada e que de nos rectificarse a posición municipal no prazo de 15 días se procedería a aplicar o previsto no art. 33.2 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do pobo, e conseguintemente incluírase unha mención do asunto no informe anual que se dirixa ao Parlamento de Galicia, con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persisten nesta actitude, ao considerarse que era posible unha solución positiva a esta non se dera.

Transcorrido amplamente o prazo sinalado non se recibiu comunicación do Concello rectificando a súa posición, polo que faise preciso facer efectiva a advertencia mencionada. Conseguintemente, procederemos a realizar unha mención crítica da actuación do Concello no Informe Anual correspondente.

Así pois, ao terse por esgotadas as posibles actuacións que lle caben a esta institución de acordo coa Lei pola que se rexe, faise obrigado proceder ao arquivo do expediente aberto como consecuencia do seu escrito de queixa. Non obstante, no suposto de que o Concello modifique finalmente a súa posición actual, pola nosa banda poñeriamos de novo en comunicación con vostede, trasladándolle as novas que se produzan.

Agradecendo a confianza que nos demostrou, saúdao atentamente.

O Valedor do Pobo.
Benigno López González.